

20 **MÚSICA** **WAVO**
NÚMERO 8
XANEIRO 2011



HOLYWATER

O pop áspero duns veteranos

XUNTA DE GALICIA

**CRISTINA PATO E ROSA CEDRÓN * MARFUL * EN VARSOVIA CON THE HOMENS
MIGUEL COSTAS * PEPE EVANGELISTA * MARCOS PAINO * CAFÉ AURIENSE**

músicos ao vivo

manual de Boas Prácticas

Máis información en:

www.musicosaovivo.com





SUMARIO

4 SETE DE SETE

Moisés Quintas (Trasmundi), Rubén Castelo (Maryland) e Héctor Martínez (Dear Mr.) contan o que se sente encima do escenario

6 SOAS

Cristina Pato e Rosa Cedrón estean proxecto buscando o punto medio entre a música clásica e a tradicional

10 DETRÁS DA CANCIÓN

Surrealismo e música dos dous lados do Atlántico no último disco de Marful

12 UN DÍA CON THE HOMENS

O grupo compostelán narra en imaxes a súa odisea polaca

14 A MÁQUINA DO TEMPO

Miguel Costas resume unha das traxectorias máis longas do panorama galego

16 HOLYWATER

O grupo lugués máis intenso explica o que hai detrás do seu último traballo, *The path to follow*

19 O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

Keith Jarrett inspira desde o piano as composicións para guitarra de Pepe Evangelista

20 NAS TENDAS

As primeiras novidades discográficas do 2011

21 TESOUROS SOTERRADOS

Marcos Paino, de GalegoZ, descobre os sons electrónicos de Tujiko Noriko

22 A SALA

Dez anos de música ao vivo no centro de Ourense desde o Auriense Café Cultural

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellería de Cultura e Turismo

PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña

DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero

COORDINACIÓN: Ana Miragaya, Ana Rosales

PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte

ACHEGA DE CONTIDOS: Agaphono (Asociación Galega de Productoras Fonográficas), AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais), Clubtura (Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo).

COLABORAN NESTE NÚMERO: Pepe Evangelista.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz

FOTOGRAFÍAS: Janite, cesións de grupos e arquivo da Agadic.

AGADIC  Axencia Galega das Industrias Culturais


 XUNTA DE GALICIA

Impresión: Litonor

Tiraxe: 7.000 exemplares

ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008

agadic@xunta.es | www.agadic.info
www.musicaovivo.info



Rubén Castelo

GUIARRA E VOZ DE MARYLAND

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Non o recordo, así que supoño que sería un moi malo.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Gústame tanto estar encima dun escenario como vendo algún concerto. Se teño que decidirme por algún, quedo con Free Serena e The Posies en La Iguana, en Vigo.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Buf, hai moitos, pero quedo co de Radiohead no Kursaal de Donosti, no ano 2002.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

A calquera de Smashing Pumpkins da xira do disco *Siamese dream* (Virgin, 1993).

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Rematar un concerto rompendo as guitarras contra a batería do noso querido percusionista...

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Calquera das veces nas que actuamos na Sidecar de Barcelona, ou unha no Torgal, en Ourense, en xuño do ano pasado.

7 E cal foi a máis desastrosa?

Unha en Bilbao; polas circunstancias técnicas da sala, decidimos tocar entre o público!



Héctor Martínez

PIANISTA E CANTANTE DE DEAR MR.

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Quen sabe... A verdade é que non o recordo ben, seguro que foi nalgún momento a principios dos noventa, cando aínda non tiña uso de razón. Estiven rodeado de música desde pequeno, e sempre me gustou. Forma parte da miña vida. Hai sensacións e sentimentos que só sei expresalos tocando.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Cando ía aos concertos miraba todo o que había sobre o escenario: os instrumentos, o equipo de son, luces... Entrábame a curiosidade pensando no que se sentiría ao estar alí arriba co teu propio grupo. Empecei a velo como unha posibilidade cando me afeccionei ao jazz. Máis que un concerto foron varios os que mo demostraron, sobre todo os dos tríos de jazz, e aquelas primeiras *jam sessions* que comezamos a facer convidando amigos e familiares.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Todos! Cada concerto é diferente, é un cúmulo de cousas que se xuntan para que o acabes pasando xenial. Se a compañía é boa, os concertos son bos, porque ao fin e ao cabo vas ver grupos que che gustan, e cada un é distinto.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

A un de Ray Charles; ver a Chick Corea Electric Band en Suíza, no concerto que deron Dave Weckl, Vinnie Colaiuta e Steve Gadd xuntos, algún de Herbie Hancock, o último de Muse en Madrid, algún de Los Piratas, a Norah Jones en Vigo, a Michel Camilo no Latino de Ourense, o *Where the light is* de John Mayer en Los Angeles, a Jamie Cullum no Blenheim Palace, a Victor Wooten, Marcus Miller e Stanley Clarke en calquera data da súa xira do 2008... Teño que conformarme con escoitar as gravacións desas veladas!

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Tocar no tellado do número 3 de Saville Row, en Londres [lugar da célebre actuación de The Beatles no 1969].

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Con catro anos subín por primeira vez a un escenario para tocar o *Himno á alegría* ao lado do meu profesor de piano. Recordo que as teclas eran enormes!

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

Desastrosa? Que é iso?

HÉCTOR MARTÍNEZ ACABA DE PUBLICAR 'TRIBUTE TO JC' Á FRONTE DO SEU GRUPO, DEAR MR., NA DISCOGRÁFICA GOLFIÑO RECORDS.



Moisés Quintas

FRAUTISTA DE TRASMUNDI

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Seguramente a un das festas da miña vila. Lembro estar diante das orquestras ollando todo o tempo para o guitarrista, cando o había, que daquela non era sempre.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Eu sentín paixón pola música dende neno, e esa paixón levoume a dar os primeiros pasos de xeito autodidacta, imitando os músicos das festas de Bande ou arredores, e que basicamente eran gaiteiros, bandas de música e orquestras. Tan axiña como puiden conseguín unha guitarra, logo unha frauta traveseira, unha gaita... O dos escenarios coido que foi unha evolución natural, cheguei sen darme conta.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Un dos que gardo con especial agarimo na miña memoria foi cando Amancio Prada presentou *Emboscados* no teatro Caixanova de Vigo acompañado na voz por Clara Montes. Impresionoume todo o que transmitiron cunha posta en escena moi íntima e sinxela.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Difícil resposta pois son consciente do moito que me perdín e do que me sigo a perder... Dérame moita mágoa non ver aos Pink Floyd cando viñeron a Madrid nos 90.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

A todos nos gustaría poder to-

car nas mellores condicións no referente ao escenario, iluminación e son. Isto case nunca sucede por falta de presuposto, porque o que encarece realmente os espectáculos son estes tres elementos, non os músicos. Dito isto, o meu directo ideal sería un no que puidera preparar persoalmente ao meu antollo toda a posta en escena con todos os recursos, e con proxección de imaxes.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Todas se lembran con nostalgia, de todas se aprende. O que recordas sobre todo son os compañeiros cos que compartiches tantos momentos inesquecibles e irrepetibles, moitas veces aínda en situacións adversas das que hoxe na lembranza te partes de risa. Unha moi especial foi cando Trasmundi presentamos

o noso primeiro disco, *Raianos*, no Teatro Principal de Ourense.

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

A única que recuerdo como desastrosa, pois trunco a ilusión a moita xente, foi unha que se suspendeu por mor do mal tempo. Era sobre o ano 1990 en Laza. A organización quería facer un festival folk e darlle continuidade no tempo. Para iso, con moito esforzo, prepararon un terreo moi amplo no que traballaron sen acougo limpando toxos e xestas moitos mozos. Eu tocaba con Arco da Vella, e tamén estaban grupos como Alecrín ou Luar na Lubre. Pensouse en pospoñelo, pero ese concerto nunca se repetiu e o proxecto de continuidade do festival coido que quedou trunco. Mágoa!

TRASMUNDI, O GRUPO DE MOISÉS QUINTAS, ACABA DE EDITAR O SEU SEGUNDO DISCO, 'EN TEMPOS QUE SE FORON' (VIR, 2010)

S





**PATO E
CEDRÓN,
UNIDAS E
SOAS**

Estrean proxecto buscando o punto medio entre o clásico e o popular

FOTOS: JANITE

PATO&CEDRÓN

UNIDAS E SOAS

Soas son Rosa Cedrón e Cristina Pato; Muller, o seu primeiro traballo con este novo proxecto, é un paso a un lado nas súas carreiras en solitario, unha reinvencción arriscada e asombrosa que se manifesta desde os primeiros compases de 'Negro caravel', o tema que abre o disco: un intenso carrusel orquestrado, arranxado polo compostelán Octavio Vázquez, que acaba estourando nunha canción desas que case todo o mundo recoñece. Pato (piano) e Cedrón (voz) buscan o punto medio no que as composicións clásicas se transforman en populares, botando man dun repertorio que está, recorda Pato, "na memoria de varias xeracións: a miña nai sabe 'Unha noite na eira do trigo', e os meus colegas 'Pomba dourada'. É unha viaxe interxeracional".

En que momento coincidiron as súas traxectorias?

Cristina Pato: Rosa e mais eu coñecíámonos de compartir todo ese tempo que os músicos botamos detrás do escenario, esperando para tocar. As dúas estudáramos no conservatorio, e, falando diso, dixemos de quedar un día para tocar, sen máis pretensións. Hai dous anos, en agosto do 2008, fixémoslo finalmente: Chopin, Rachmaninov, cousas así, pero pouco a pouco empezamos a ir máis lonxe, e houbo algo...

Rosa Cedrón: Houbo un *clíc*, vimos que coincidíamos en moitas cousas, empezando pola nosa experiencia persoal no mundo da música. As dúas estudamos clásico. Cristina seguiu co piano, compaxinándoo coa súa carreira de gaiteira, pero eu deixei o chelo por completo para dedicarme ao folk. Para min foi como volver á miña adolescencia.

Imaxino que a loxística sería un pouco complicada, con Rosa vivindo en Galicia e Cristina en Nova York.

CP: Non tanto, con Internet non hai moita diferenza entre estar unha en Ourense e outra na Coruña e estar unha en Estados Unidos e outra aquí.

Non me digan que ensaian por Skype.

CP: Pois case. Pola rede falamos, deixamos as cousas claras, e logo cada unha ocúpase do seu. É unha vantaxe que as dúas veñamos da clásica; sabemos que a maior parte do traballo o ten que facer

cada unha na casa, e as dúas temos moita autodisciplina. Cando nos xuntamos, o 85 por cento está feito, e sabemos que se nos chaman para tocar mañá podemos facelo sen problemas.

Con este disco que acaban de editar, buscan o punto medio entre a música clásica, culta, e a tradicional...

CP: Son dous mundos que estiveron moi unidos, e que xa non o están. Moitas pezas populares partiron doutras clásicas. Polo camiño no que as pezas clásicas se converten en populares, algo que pasa en todas as músicas, gáñase algo e pérdese algo. A paixón, a teatralidade, a interpretación fonda que ten a música clásica, e que ás veces non inclúe a tradicional, é o que queremos sacar nós para arriba. Enfrontarnos a estes temas coma se fosen arias de ópera, nas que o cantante representa un rol. Nese sentido Rosa faino espectacularmente ben. Esa é a parte máis importante do proxecto.

Que destaca cada unha da outra?

RC: Eu de Cris? A sensibilidade á hora de entender a música, e a capacidade de traballo, asombrosa, vital. Son moitas cousas.

CP: Ímonos pór coloradas! Como en calquera parella hai un equilibrio entre as dúas. Rosa é incrivelmente xenerosa a nivel artístico e persoal. Para min iso, cando estás ta traballar en algo tan ambicioso coma isto, é moi importante.

E onde as vai levar este proxecto? Nace con vocación de continuidade?

CP: O máis bonito disto é que, igual que o disco é moi ambicioso, o proxecto en si non o é. É unha unión natural de dúas persoas que están cómodas traballando xuntas. No momento no que teñamos algo máis que dicir, sacaremos outro disco. Pode vir dentro dun ano, ou dentro de dez. É unha vía paralela, as dúas imos seguir coas nosas carreiras en solitario e, facendo *puzles* coas axendas, seguiremos coincidindo.

Que están facendo, por separado?

RC: Eu ando ao que estaba antes desta aventura: pensando no seguinte traballo solitario.

CP: Eu sigo traballando con Yo-Yo Ma e o Silk Road Ensemble. Estamos escribindo unha obra para primavera. En febreiro





xiraremos pola India, e en marzo e abril polos Estados Unidos. E logo hai outros proxectos cos que colaboro, en paralelo.

Habrá xira de Soas?

En primavera, si, intentando chegar a ese pequeno sector do público que, dalgún xeito, se sente identificado cos dous lados: queremos que os nosos fans sexan capaces de aceptar esta visión da música tradicional desde a perspectiva clásica, e que os amantes da clásica sexan capaces de meterse nestoutra visión.

A Cristina Pato a xente identifícaa coa gaita, e a Rosa Cedrón con cancións enormemente populares. Como lles resulta enfrontarse ao público, unha sentada no piano e a outra ante un repertorio distinto?

CP: O primeiro concerto que fixemos foi en Carballo, nas festas patronais, completamente fóra de contexto. Ninguén tiña moi claro o que iamos facer, máis alá de que eu ía sacar a gaita e Rosa cantar clásicos populares.

RC: Si, iamos con certo medo. Nos carteis parecía que cada unha ía facer o seu concerto.

CP: E claro, os primeiros dez minutos de concerto vías caras de “a ver cando saca esta a gaita”... E no momento en que empezamos con estes pequenos clásicos, como ‘Soedades’, a xente esqueceuse de que eu son gaiteira e de que Rosa canta ‘Camariñas’, e conectaron con nós. Aí perdemos o medo, eu a enfrontarme a estoutro público, e Rosa a mostrarse case espida.

RC: A forma de cantar ao mellor non varía moito, pero si a de interpretar. Con esta liberdade e estes arranxos é liberador poder expresarse case teatralmente. Para min é case unha catarse.

O FACTOR OCTAVIO VÁZQUEZ

Parte do enigmático encanto de *Muller* hai que recoñecerllo ao arranxista do disco, Octavio Vázquez. Nacido en Compostela en 1972, leva vivindo desde hai preto de quince anos nos Estados Unidos, a onde marchou para estudar na prestixiosa universidade Johns Hopkins, en Baltimore, e na universidade de Maryland. Desde a súa base de operacións en Nova York, estreou obras aos dous lados do Atlántico, desde o Carnegie Hall á súa última aparición, o ano pasado, no festival Xacobeo Classics, para a que compuxo un concerto para violín baseado no Camiño de Santiago.



Trasatlanticismo

Galicia, Brasil, o cine italiano, o surrealismo e os amigos trazan as liñas de fuga de *Manual de sedución*, o último disco de **Marful**



Manual de sedución é, desde a fermosa portada cun sombreiro de copa e unha luva de nove dedos sobre papel milimetrado, un compendio de todas as teimas artísticas dos Marful, os seus autores. As viaxes, o pasado, a vangarda artística e os amigos, estes últimos en forma de numerosas colaboracións, centran o último traballo do grupo formado por Marcos Teira, Pedro Pascual, Pablo Pascual e Ugia Pedreira. Estes dous últimos falan do peculiar artefacto.

No seu primeiro disco, o homónimo *Marful*, facían parada na música que se escoitaba en Galicia nos anos vinte e trinta do século pasado. Desta vez amplían o abano de influencias botando man da “música ambulante, os filmes italianos, ou, mellor dito, os cines galegos, que anteriormente eran bailes; as nosas viaxes a Cuba e a Brasil; o movemento surrealista; os tópicos galego-portugueses; o realismo máximo galego; os amigos da nosa xeración”... Da mestura de todo isto sae un son trasatlántico, de “idas e voltas, sen perderse nelas”, que reflicte, segundo Pedreira, “esa capaci-

dade que ten o galego, como o brasileiro, de convertelo todo en propio”.

E logo están as letras, nas que a influencia do surrealismo ten especial incidencia. A súa autora conta que emprega técnicas como “a escritura automática, nalgún caso. As palabras son portadoras de enerxía e abren portas, indistintamente ás veces da súa significación. Son portas do inconsciente. Xogo con elas para acadar unha plenitude emocional”.

Instrumental analóxico

En *Manual de sedución* todo está pensado e adaptado ás necesidades do proxecto, desde o son, gravado con instrumental analóxico, á colaboración de músicos de gran peso. “Traballamos sempre con amigos persoais”, conta Pablo Pascual, enumerando entre eles “os cubanos Alejandro Vargas, no piano, e José Manuel Díaz, no contrabaixo; a increíble sección rítmica de Sumrrá, con Xacobe Martínez Antelo e IAR Legido; o trompetista inglés David Herrington, Paulo Gacio na frauta e Germán Díaz na serra, os violinistas Quim Fariña e Diego Galaz, e a distintiva voz de Alfredo Rodríguez, de A Factoría Teatro”.

As achegas externas tocan tamén o deseño, a imaxe e mesmo o vestiario.

“Queríamos facer un disco honesto coa nosa xente”, explica Pedreira; “Misha Bies Golas [deseñador da capa] é un artista que coñecemos na época lalinense do Conservatorio Folque; o Pastor [autor das fotografías] e máis eu coñecemos de cando tocábamos en Chouteira; Gonzalo Vázquez [encargado do vestiario] é un gran amigo tamén. As nosas colaboracións son sinceras, no sentido de que non precisamos de grandes nomes para facer propaganda”.

En directo, conta Pascual, Marful buscan “unha posta en escena que corresponda co contido musical do disco. O público fica encantado, é moi activo e participativo. Nas presentacións de A Coruña e Porto ofrecemos un espectáculo longo, de dúas horas, e o público entendeu a nosa proposta dende o primeiro instante. A resposta dos asistentes foi maiúscula e abraiante para nós, cos auditorios ateigados e postos en pé. Non podemos ter maiores palabras de agradecemento ós nosos seguidores”.

“A vernos hai que vir desprovisto de calquera prexuízo”, afirma Pablo Pascual. O resultado, di Ugia Pedreira con certa sorna, é ben bo: “Sabemos que despois dos concertos algunha que outra parella realiza sexo. Estamos contribuíndo a que os corpos se afalen, que falta fai”.

UN DÍA CON:

THE HOMENS

Convidados polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de Varsovia, os integrantes do grupo de pop extremo The Homens viaxaron nos últimos días de novembro a Varsovia para actuar nunha das salas alternativas da capital polaca, o Saturator. Con eles chegou o temporal: o seu foi o último avión en aterrar o día 29 no aeroporto Frederic Chopin, que quedou pe-

chado durante tres días por unha nevarada histórica. Os composteláns, con todo, non se botaron atrás, e deron o seu concerto o día 1 de decembro, con 20 graos baixo cero na rúa e o transporte público colapsado. E, ao volveren para Madrid, outra boa: o seu voo foi tamén un dos derradeiros en tocar terra antes do plante dos controladores aéreos españois. Toda unha epopea.

O Home de Goma, símbolo do barrio de Praga norte

Chegada ao aeroporto, pouco antes de ser pechado pola neve

Primeira toma de contacto coas rúas de Varsovia

Vista dende o hotel, coa estatua de Copérnico ao fondo

◀ Martin Wu e Le Roi,
retratados diante da
entrada á universidade



▲ Dieta polaca;
o mellor para
aguantar o frío

▲ Un pouco de turismo;
de fondo, o Palacio de
Cultura

▲ Actuando xa no Saturator, no
que fora unha antiga fábrica de
embotellado de gaseosas

◀ Despedida de Varsovia e
do barrio de Praga



MIGUEL COSTAS, SEGUNDO
POLA ESQUERDA, COS MÚSICOS
QUE O ACOMPAÑAN NA SÚA
ÚLTIMA ENCARNACIÓN SOBRE OS
ESCENARIOS

MIGUEL COSTAS



FOTOGRAFÍA: JANITE

“O meu co rock empezou cuns amigos do instituto. Daquela era difícil atopar discos que nos gustasen, e entre nós intercambiabamos os poucos que tiñamos. Consequimos que nos deixasen tocar nas fins de semana nun club de jazz que se chamaba Satchmo, e cada día cambiabamos de nome. O primeiro concerto importante que din foi contra 1980 ou 1981, cun grupo que se chamaba Sexteto de Blues, no Auditorio da Caixa de Aforros”.

“Os oitenta foron para min moi intensos, porque era máis novo e tiña máis enerxías, pero agora vivo a música coa mesma intensidade. Teño moi bos recordos de todas as bandas nas que toquei, con algún momento malo, como é natural en calquera congregación de persoas que pasan moitos días xuntas, na furgoneta, durmindo...”

“Porque a verdade é que eu non cambiei en nada. Segue gustándome a mesma música. Iso si, deixei de beber, e xusto agora Estrella Galicia deume un premio pola miña traxectoria. Xa anuncio que

vou deixar de fumar, a ver se Ducados me patrocina unha xira, en recoñecemento a tantos anos de gasto”.

“O que si cambiou con respecto aos oitenta foi a tecnoloxía, e con ela a forma de facer as cousas. E a venda de discos, que é un auténtico despropósito hoxe. Con todo,

“DEIXEI A MÚSICA NO 2002, DESPOIS DE QUE SE DISOLVESEN LOS FELIZ, E PENSEI QUE ERA PARA SEMPRES [...] PERO VOLVÍN, E ESTAME INDO BASTANTE BEN, DENTRO DO QUE CABE”

eu tento facer o que me gusta, sen deixarme levar por historias máis comerciais que ao mellor poderían terme reportado máis cartos”.

“Deixei a música no 2002, despois de que se disolvesen Los Feliz, e pensei que era para sempre. Coincidiu co auxe de Operación Triunfo, e as discográficas non estaban polo labor, só querían centrarse en produtos, e non en artistas. Ante a imposibilidade de gañar diñeiro e mesmo de que me fixesen caso, decidín parar. Pero, por cousas que pasan, hai tres anos volví, e estame indo bastante ben, dentro do que cabe esperar dun sector e dun país de capa caída”.

“En trinta anos que levo sobre os escenarios, pasoume de todo: desde que desapareza un dos coristas porque se lle afunde o escenario a meter o pé nun burato do palco e quedar atrapado, ou aguantar cargas policiais en pleno concerto. Gardo moi bo recordo dos concertos que din en Castrelos. É un escenario insuperable. A ver se o Concello se ‘enrolla’ e nos chama para tocar alí de novo”.

MIGUEL COSTAS FORMOU PARTE DE SINIESTRO TOTAL E DE AEROLÍNEAS FEDERALES NOS OITENTA, E DESPOIS LIDEROU LOS FELIZ. NO 2008 VOLVEU AOS ESCENARIOS CUN PROXECTO EN SOLITARIO.

HOLYWATER

EMOCIÓN, FURIA E RESISTENCIA

O grupo de Lugo, cun pé no pop e outro no rock máis intenso, presenta *The path to follow*, o seu cuarto longa duración

FOTOGRAFÍAS: JANITE

The path to follow [Ernie, 2010] é o último paso no camiño que seguen, xa desde 1999, os Holywater. O grupo lugués fórmano superviventes natos: formados en plena resaca do movemento hardcore que houbo (sí, houboo) en Galicia nos noventa, levan editados xa catro discos. Agora pelexan, ademais, contra o factor xeográfico, cos seus integrantes dispersados por varias localidades galegas e o centro de operacións radicado en Vigo. O seu batería, Luís Casanova, revela desde a gran cidade do sur os segredos da resistencia do grupo e as interioridades dun traballo emocionante e á vez desatado.

Que significa *The path to follow* na vosa evolución como grupo?

Este é o noso cuarto disco, e estamos con moitas ganas. As cancións son contundentes,

e nas letras hai unha rabia que non puidemos conter. Isto fai que o directo sexa máis intenso que nunca. Ademais, estamos moi contentos co traballo do noso selo e coa gravación que nos fixo Santi García.

García foi o produtor de varios dos mellores discos do *indie* estatal dos últimos anos. Que vos levou a el? Como foi traballar con el?

A verdade é que eu sempre tiven a Santi como referencia. As bandas españolas que máis me gustaban gravaban con el e soaban moi ben. Pero o primeiro contacto fíxoo el: escribiu dicindo que lle gustaba moito o grupo, e que a ver se faciamos algo xuntos. Non dúbidamos en chamalo e en reservar unha data. Esperamos un ano! A xente de The Homens faláranos moi ben del e do seu irmán e colaborador, Víctor García, e tiñan razón: unha vez alí





HOLYWATER: EMOCIÓN, FURIA E RESISTENCIA

todo foi moi fácil. Ten un estudio pequeno, pero sabe sacarlle o mellor.

O disco ten varios medios tempos, tedes máis interese polas cancións calmadas, ou cadrou simplemente?

Holywater sempre foi un grupo de medios tempos, é algo que levamos dentro. Aínda que cada vez máis deixamos saír a nosa besta interior.

Manexastes algúns referentes claros, sons, grupos, á hora de compoñer e de gravar *The path to follow*?

A verdade é que sempre intentamos que os temas non se parezan a outras bandas. Se a melodía recorda a algo, intentamos cambiala. Pero é inevitable plasmar certas referencias, e penso que o son *grunge* dos noventa está moi presente.

Para este disco cambiastes de selo. Podes explicar como foi esa transición?

Estabamos desexando saír de Astro, a nosa anterior compañía. O seu traballo como selo foi pésimo, sobre todo no anterior disco, *Tranquility*: mala comunicación, cero promoción... Así que Josiño, o noso *manager*, montou o selo Ernie, e non du-

bidamos en traballar con el tamén para a edición. Así todo queda na casa. E estamos moi contentos!

Levades máis ou menos dez anos funcionando, e tedes catro discos ás costas. Como cambiaron as cousas, para vós e para a escena do rock en Galicia, nestes últimos anos?

Pois todo cambiou bastante. Cando gravamos o primeiro disco, no 1999, non era tan fácil editar. Agora calquera grupo grava e fai un CD ou un vinilo. Plataformas como Myspace fan que cada vez máis bandas poidan tocar e sacar discos. O que pasa é que hai moito lixo... e que aínda así o difícil é destacar. E saír a tocar desde Galicia sempre foi complicado pola nosa situación... Pero o peor da evolución musical do século XXI é que cada vez importa máis a imaxe e a pose que a música.

Visto o ritmo ao que se crean e destrúen grupos actualmente, cal é o segredo da vosa resistencia?

Coñecemos dende os 15 anos, divertírnos tocando, ensaiar pouco, non frustrarnos e cambiar de baixista de vez en cando.

Como vos vai en canto a concertos? Notouse a crise económica no voso caso?

Pois levamos un mes e pico presentando o disco e a resposta da xente foi moi boa, sobre todo en Galicia. Cando pasen uns meses veremos como vai a cousa...

“O NOSO SEGREDO É COÑECERNOS DESDE OS 15 ANOS, DIVERTIRNOS TOCANDO, ENSAIAR POUCO E CAMBIAR DE BAIXISTA DE VEZ EN CANDO”

Dis que a recepción foi moi boa en Galicia. Tedes a impresión de serdes máis recoñecidos fóra?

Sempre tocamos moito fóra de Galicia, e si que temos certo recoñecemento. Para o 2011 xa temos dous festivais contratados fóra, e ningún aquí. Pero este mundo está bastante mediatizado, e nós non temos case presenza nos medios musicais como para ter recoñecemento, nin aquí nin fóra.

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

‘My song’

(Keith Jarrett). ECM, 1977

Por PEPE EVANGELISTA



Hai moitos discos que cambiaron a miña vida e que seguen facéndoo. Elixir un en concreto é difícil, xa que significa un agravio para os outros. Entre todos eles, quedo con *My song* (ECM, 1977), de Keith Jarrett.

As miñas primeiras audicións deste disco, a principios do oitenta, coincidiron coa apertura do club Jazz Filloa, na Coruña. Foron uns momentos moi intensos: o ambiente, as persoas, o jazz por descubrir, o que se facía... Este disco producíume unhas sensacións que me impulsaron cara a unha procura na que aínda sigo.

Curiosamente, *My song* xerou un efecto de “rescate” e trouxo maior respecto para os clásicos, e non só os do jazz.

Keith Jarrett viña de tocar, nos anos sesenta, con varios dos máis grandes músicos de jazz do momento, incluído Miles Davis, co que viviu unha das épocas máis prolíficas da súa carreira. Nos setenta, dedicouse a crear música con varios cuartetos, entre eles o coñecido como ‘cuarteto europeo’, autor do disco reseñado. Neste caso, ademais de Jarrett poden oírse na gravación os sons do saxofonista Jan Gar-

barek, do baixista Palle Danielson e do batería Jon Christensen.

Hoxe en día sigo escoitándoo, necesítoo como impulso vital, é unha referencia para o que intento realizar profesionalmente. Aínda que non é o primeiro disco de Keith Jarrett co seu cuarteto europeo, creo que é o de referencia, o que sen dúbida pasará á historia. Utilizo un dos seus temas, en concreto o que dá título ao disco, para esperar todos os días.

AS ÚLTIMA OBRAS PARA GUITARRA DE JAZZ DE PEPE EVANGELISTA FORON GRAVADAS POR RAMÓN CARNOTA NO DISCO ‘CONFINES’ (GOLFIÑO, 2010)

Nas tendas



Luar na Lubre

Solsticio
WARNER MUSIC

O último disco de Luar na Lubre é, din eles, un final de ciclo. Regresan ás orixes, ao cerne acústico da súa música, e ás melodías baseadas na tradición galega, desde a Idade Media á actualidade. O traballo contén quince cancións e conta con colaboracións como as de Miro Casabella, Nani García, Diana Navarro ou Pat Kilbride.

www.luarnalubre.com



Abe Rábade Trío

Zigurat
NUBA / KARONTE RECORDS

En *Zigurat*, o pianista Abe Rábade, que opera dende hai anos con base en Santiago, asina o seu sétimo álbum como principal responsable das composicións. Faino desta vez en formato trío, con Pablo Martín Caminero ao contrabaixo e Bruno Pedroso na batería, confirmando de novo que é un dos grandes do jazz galego.

www.aberabade.com



L'Uomo di Gomma

Tea party EP
AUTOEDITADO

Compostela viviu no 2010 a creación do que por aí diante se chama un *supergrupo*, un proxecto composto por integrantes doutros conxuntos en activo. L'Uomo di Gomma, procedentes de bandas como The Lorchas, Samesugas ou The Homens, acaban de editar o seu primeiro EP, noventaio, ruidoso e con certo gusto pola confrontación.

luomodigomma.bandcamp.com



Colectivo Oruga

Too many knobs
MATAPADRE

Da vila de Pontearreas chega unha das últimas sensacións do pop galego. Colectivo Oruga debutan con *Too many knobs* no mundo dos longa duración, ofrecendo un tratamento máis pop ás súas experimentacións electrónicas. O disco xa foi destacado como un dos mellores do panorama estatal dos últimos tempos.

www.myspace.com/colectivooruga



Mercedes Peón

Sós
DO FOL MÚSICA

Toda a forza do traballo solitario, meticuloso e expansivo de Mercedes Peón xúntase nos dez temas de *Sós*, o seu último disco, de título simbólico e con dobre sentido. A coruñesa extrae a raíz da súa música do pasado e proxéctaa con ferramentas e visións do futuro, complementándoa con textos que falan duramente do presente.

www.mercedespeon.es



Franc3s

Aislamiento
LOS ENANOS GIGANTES / PIAS

Producido por Fino Oyonarte (Los Enemigos) e cunha mancha de colaboracións de fuste (Eric e Florent, de Los Planetas; ou Isa e Rodrigo de Triángulo de Amor Bizarro), *Aislamiento* podería ser o gran salto adiante do grupo de Carballo. O gusto polo ruído e polo tremendismo nas letras seguen marcando a música dos Franc3s nesta nova entrega.

www.myspace.com/franc3space



Royalties

Sen volta atrás
AUTOEDITADO

O rock de sempre, cru, eléctrico e impulsado por motor diesel, volve ser a base das cancións dos Royalties, que teñen en *Sen volta atrás* unha continuación do seu anterior traballo, *Avance nova temporada*. Intemporal e intenso, o novo disco destes clásicos composteláns é dos que arrancan faíscas das solas dos zapatos.

www.myspace.com/osroyalties



Carrero Bianco

Oferta de lanzamiento
AUTOEDITADO

Nacidos a mediados do 2009 e proxectados ao futuro a principios do 2011: os ferroláns Carrero Bianco son a penúltima sensación da escena *indie* galega, grazas ao seu electropop irreverente e bailón, sempre coa vista posta nos oitenta. *Oferta de lanzamiento* parece ser precisamente iso, o lanzamento dun grupo con moito que dicir no futuro.

www.myspace.com/carrerobianco



Eskizos

1989-1993

MUSHROOM PILLOW

Os Eskizos foron un deses grupos que se cualifican como “semi-nais” con toda a razón do mundo: descoñecidos polo gran público pero acredores dunha boa lección de devotos, o grupo coruñés prefigurou, entre o punk e o rock ácido, boa parte do que viría despois no panorama musical da súa cidade. Esta recompilación dá fe da súa forza.

www.mushroompillow.com



Xacobe Martínez Antelo Cuarteto

Jazz from Galiza!

FREE CODE JAZZ RECORDS

O contrabaixista Xacobe Martínez Antelo, compoñente de boa parte dos mellores proxectos do jazz que se fai actualmente no país e colaborador de grupos doutros estilos como Marful, edita este *Jazz from Galiza!* acompañado de Rosolino Marinello e Fernando Sánchez ós saxos.

www.jazzfromgaliza.com


www.musicaovivo.info

TESOUROS SOTERRADOS

TUJIKO NORIKO

From Tokyo to Naiagara (Tomlab, 2004)

Por MARCOS PAINO, VOZ DE GALEGOZ



Descubrín a Tujiko Noriko como tantas outras cousas: pilotando de páxina en páxina por Myspace. Gústanme os grupos xaponeses de música electrónica, e o minimalismo desta artista chamoume a atención.

Aínda que por aquí non se coñece o seu traballo, Noriko si que ten certa sona en Europa, sobre todo na central; os seus discos edítanos selos europeos, e, de feito, ela traballa desde París. Hai quen a compara con Björk, polo seu uso da electrónica e da voz. Tujiko Noriko é, ademais, unha artista moi prolífica: segundo conta a súa entrada na Wikipedia, editou once discos desde o ano 2000, e fixo a música para varias películas.

O que me fai valorar a Tujiko Noriko como un tesouro musical soterrado é o seu

son, entre dóce e frío, que roza moitas veces o minimalismo máis esencial. *From Tokyo to Naiagara*, o seu disco do 2003, é un bo exemplo disto. Como descoñezo se os seus discos son doados de conseguir, recomendo a quen queira introducirse no seu mundo que escoite algúns dos traballos que ten dispoñibles en Spotify, onde tamén se poden atopar as gravacións *Make me hard* (Mego, 2002) e *Solo* (Mego, 2006), ou que visite o seu Myspace, www.myspace.com/tujikonoriko, como eu fixen para descubri-la. Desde aí é doado seguir o camiño inverso e interesarse por outros tesouros da música electrónica nipona.

MARCOS PAINO FORMOU PARTE DE BANDAS COMO XENREIRA OU A MATRACA PERVERSA, E ACTUALMENTE PRESTA VOZ E PRODUCCIÓN AO PROXECTO ELECTRÓNICO GALEGOZ

AURIENSE CAFÉ CULTURAL

PRAZA DO CORREXEDOR, 11. OURENSE | WWW.CAFEAURIENSE.EU



En pleno centro histórico de Ourense, a tiro de pedra da catedral e no arranque da multitudinaria zona de viños, o Café Auriense leva máis de dez anos ofrecendo música en directo e outras herbas culturais. Con arredor de seis centos de concertos ás costas e uns últimos anos frenéticos, o seu xerente, Davide Paz, explica como é iso de ter un local dedicado á música no corazón da cidade medieval.

“Estar no casco histórico”, explica, “é unha vantaxe, porque ao rematar os concertos a xente fica na zona de copas; pero tamén é un problema, porque aquí hai moitas restricións tanto de ruídos como de licencias”.

Ourense, polo demais, adoece de continuidade na súa programación de concertos en locais privados, di Davide Paz: “Abrimos no 2000, e desde entón segue habendo dúas ou tres salas facendo música ao vivo, pero nunca coa continuidade nin a cantidade que nós lle dedicamos. Aparecen espazos que fan algo esporadicamente. Nós o cambio que notamos é que temos máis fidelidade por parte do público, e, tamén, o exceso de peticións de actuacións por parte de músicos de todos os lugares, non só galegos ou españois”.

Porque, explica Paz, a actividade do local “cada ano vai a máis”. “Gústanos a música ao vivo e gústanos termos un espazo

para que a xente que comeza neste mundo poida expresar o que fai”. O Auriense acolle, ademais de música en directo, espectáculos de teatro, monólogos, poesía, coloquios ou presentacións de libros.

Nos centos de concertos que acolleu o pequeno escenario do Auriense pasaron moitas cousas curiosas –“sería inxusto destacar algún concerto, quizá os aniversarios, que sempre son especiais”, explica o xerente–, pero ningún coma o da banda valenciana UKE, “que facía música con xoquetes”, ou o dun conxunto que baseaba a súa música no didgeridoo, o instrumento tradicional maorí, “que fixo unha sesión increíble”.

Salón Teatro

programación
xaneiro_maio 2011

XANEIRO

Teatro
Concerto "à la carte"
COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA (Braga, Portugal)
Venres 14 e sábado 15 ás 20.30 h

Música
Ciclo ST Música Presente
Abe Rábada Trio
Martes 18 ás 21.30 h

Teatro
Memoria de Helena e María
TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)
Xoves 20, venres 21 e sábado 22 ás 20.30 h
e domingo 23 ás 18.00 h

Monólogo escénico-narrativo
Memoria das memorias dun novo labirinto
ABRAPALABRA CREAÇÕES ESCÉNICAS (Galicia)
Venres 28 e sábado 29 ás 20.30 h e domingo 30 ás 18.00 h

FEBREIRO

Teatro
Superá
VOADORA en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Venres 4 e sábado 5 ás 20.30 h

Teatro
Del maravilloso mundo de los animales: los corderos
HISTRIÓN TEATRO (Andalucía)
Mércores 9 e xoves 10 ás 20.30 h

Teatro
A caixa preta
TRIGO LIMPO TEATRO ACERT (Tondela, Portugal)
Sábado 12 ás 20.30 h e domingo 13 ás 18.00 h

Danza
Axóuxere de coroa
FUNDACIÓN IGUAL ARTE (Galicia)
Sábado 19 ás 20.30 h

Música
Laetitia Sadier
Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro
Domingo 20 ás 20.30 h

Teatro
Rua Gagarin
TEATRO OFICINA (Guimarães, Portugal)
Sábado 26 ás 20.30 h

MARZO

Teatro
La casa de Bernarda Alba
ATALAYA - EL VACIE (Andalucía)
Venres 4 ás 20.30 h

Teatro - Estrea
Hamlet
COMPANHIA ALFREDO PADILLA (Galicia)
Sábado 5 ás 20.30 h e domingo 6 ás 18.00 h

Teatro
Os vellos non deben de namorarse
TEATRO DO MORCEGO (Galicia)
Venres 11 ás 20.30 h

Teatro
Por que o meniño se cociña na polenta?
SAPRISTI TEATRO en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Venres 18 e sábado 19 ás 20.30 h

Teatro
Salomé
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Venres 25 e sábado 26 ás 20.30 h

ABRIL

Teatro
Pressing Catch
BERROBAMBÁN (Galicia)
Venres 1 e sábado 2 ás 20.30 h

Teatro
Festival Internacional de Teatro Universitario (FITU)
Do luns 4 ao domingo 10

Teatro - Música
Ordem e progreso
CARLOS BLANCO - ABADA TEATRO (Galicia)
Luns 11 e martes 12 ás 20.30 h

Teatro
A filla de Woody Allen
COMPANHIA SANTIAGO CORTEGOSO (Galicia)
Sábado 16 ás 20.30 h e domingo 17 ás 18.00 h

Danza
Semana da Danza
CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (Galicia)
Do luns 25 ao sábado 30

MAIO

Teatro
Limpeza de sangue (o sangue fai ruído)
ESPELLO CÓNCAVO (Galicia)
Xoves 5 e venres 6 ás 20.30 h

Cine
VIII Festival Internacional de Curtametraxes Cortocircuito
Do sábado 7 ao venres 13, agás o domingo 8

Teatro - Estrea
Moito como
REDRUM TEATRO (Galicia)
Sábado 14 ás 20.30 h e domingo 15 ás 18.00 h

Multidisciplinar
Mundo Lois
Coprodución de NORDESÍA, FILMANOVA e KACHET (Galicia)
Martes 17 ás 20.30 h

Música
O Com da Ra
Venres 20 e sábado 21 ás 20.30 h


Teatro
XII Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITU)
Do luns 23 ao martes 31

Billeiteira:
Salón Teatro (Rúa Nova 34, Santiago de Compostela)
Tel.: 981 58 49 78
(aberta dúas horas antes de cada espectáculo)

Venda anticipada: 

Información:
Centro Dramático Galego
Tel. 981 58 11 11 (de 9 a 14 h)

*Confirmación de programación
www.centrodramatico.org




Rede Galega de Música ao Vivo

Programación Carlos
Humberto Díaz Pérez

www.musicaovivo.info

Febreiro-xuño 2011



SALAS:

A Fundación
A Regueifa
Ache
Aturuxo
Auriense Café Cultural
BâBâ Bar
Bar Liceum
Baranda
Café-Cultural Roi Xordo
Catro Camiños
Clandestino
Clavicémbalo
Contrabajo
El Ensanche
Forum Celticum
Garufa
Jazz Filloa
La Casa de Arriba
La Fábrica de Chocolate
La Iguana Club
Marrucho
Náutico
Pub d'Antón Rock Café
Pub Gatos
Sala 600
Sala Karma
Sala Super 8
SalaSon
Sama Sama
Ultramarinos
Zona Zero

BANDAS:

7 Puertas
Abrapalabra Creacións Escénicas
Abril Fado Atlántico
Abuelo y Chiquillo
Aguardiente Swing Quartet
Airapro Producións
Alberto Pérez
Amaro Ferreiro
Belöp
Bruno T. Ford
Bukowski Blues Trío?
Cabaret
Caraba
Carlos Childe Troupe
Cats and Monkeys
Coll & Crow
Chamuyo Tango
Dakidarría
De Outra Margem
Diana Tarin Band
Doc Magoo's
Doctor Gringo
Doctor Harapos
Edu Manazas & Whiskey Tren
Esenia
Estado de Sitio
Estereotipo
Fabián
FainoTi
Félix Arias
Flip Corale y Los Macabros
Fuel Fandango
Graham Summer
Guadalupe Plata
Guezos
Holywater
Idealipsticks
Igloo
Ith
Joan Rovira
Joaquín Chacón Organ Trío
Josele Santiago
Jotinho's
Kayo Malayo
Kike Suárez & La Desbandada
La Acustikasesina
La Banda del Camión
La Familia
La Limoncello
Lamatumbá
Les Trois de Cora
License to Play
Los Eternos
Los Mecánicos
M&N
Mamba Beat
Martinez
Maryland
MBM
Miki Nervio & The Bluesmakers
Misterioso Viaje Holanda
Moonjackets
Mutenrohi
Nadadora
Nadie Es Perfecto Blues Band
Navegando a Barlovento
Nicolás
Niño y Pistola
O Mago Teto

Pablo Trasno
Pacífico
Pedrito Diablo y Los Cadáveras
Por Placer
Produccións Dispersas
Produccións Teatrais Excéntricas
Quempallou
Raiba
Raynald Colom Quartet
Recambios Tucho
Rockers Go to Hell
Romasanta
Seisdedos
Sés en acústico
Supersándwich
Sweet Oblivion Band
Szabo-Silvera. Tango
Tanxarina Títeres
Telma y Los Luises
The Last But One
The Tracii Lords
Tigres del Cañotas
To Nowhere
Tumbling Dice
Voltaica
Who Lies
Xacobe Martínez Antelo Trío
Xoán Curiel
Zënzar
Zootropa